

Orde do....de outubro de 2017 pola que se modifica parcialmente a Orde do 9 de xuño de 2017 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral.

Por Orde do 9 de xuño de 2017 regulouse a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes que imparte docencia en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A experiencia da súa aplicación neste ano 2017 aconsella dar unha nova redacción ao apartado 5 do artigo 4 da orde, permitindo excluír da solicitude a petición de determinados centros que poden dificultar a conciliación da vida familiar e laboral.

Na súa virtude, esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

ACORDA

Artigo 1º. O apartado 2 do artigo 3 da Orde do 9 de xuño de 2017 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes que imparte docencia en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, queda redactado do seguinte xeito:

2. Ter, se é o caso, destino definitivo a unha distancia superior a 60 Km da capital do concello de residencia.

Artigo 2. O apartado 5 do artigo 4 da Orde do 9 de xuño de 2017 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes que imparte docencia en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, queda redactado do seguinte xeito:

5. Na instancia deberán solicitarse:

a) En primeiro lugar os centros do concello de residencia ou, cando sexa o caso, o centro ou centros do concello máis próximo ao de residencia nos que se poidan ofertar prazas da especialidade ou especialidades polas que se participa, agás os centros penitenciarios, os centros nos que se imparten ensinanzas de adultos e os centros nos que se imparten as ensinanzas en réxime de xornada partida, que serán de solicitude voluntaria.

b) Poderán engadirse voluntariamente as peticións a centros ou localidades que se consideren convenientes, tendo en conta que é preceptivo dar prioridade aos centros ou localidades situadas nunha radio de 20 km da capital do concello da súa residencia.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as normas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,de outubro de 2017

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González